



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS DE FOMENTO DA SOSTIBILIDADE NA MINERÍA E DE PROMOCIÓN DO PATRIMONIO MINEIRO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia,
DECLARA:

Que esta Consellería formalizou coa Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 16 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) para o financiamento de actuacións específicas para a promoción da aplicación efectiva do principio de desenvolvemento sostible no ámbito da minería así como a posta en valor do patrimonio mineiro e xeolóxico de Galicia como instrumento de desenvolvemento e de integración territorial e social. En concreto as actuacións obxecto do convenio englobanse nos seguintes programas ou liñas de actuacións:

- a) Actuacións específicas de fomento da sostibilidade na minería
- b) Actuacións específicas de promoción do patrimonio mineiro de Galicia

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A COMG constitúe a única entidade que reúne dous requisitos singulares e cualitativos: por un lado, ser a entidade máis representativa do sector tanto por número de membros como por abranguer con carácter transversal a todos os subsectores do ámbito mineiro e, por outro, ter a natureza xurídica de corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración que ten encomendado, en xeral, o fomento da industria mineira na Comunidade Autónoma de Galicia e, en particular, a compatibilización da actividade mineira coa protección do medio ambiente e a integración social e territorial.

Nos últimos tempos a COMG ven desenvolvendo un papel de vangarda actuando como aglutinadora dos diversos axentes económicos, sociais e institucionais arredor da iniciativa denominada Plataforma Minaría Sostible de Galicia, da cal é promotora. Tamén no ámbito da integración social e territorial da actividade mineira a través da posta en valor do patrimonio xeolóxico e mineiro ten levado a cabo actuacións de grande repercusión social das que se derivan directamente as que son obxecto deste convenio.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Enerxía e Minas

galicia

As razóns expostas xustifican a utilización do instrumento convencional como medio para articular a achega que constitúe o seu obxecto.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria achegará **OITENTA MIL EUROS (80.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **09.20.734A.781.5** dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O director xeral de Enerxía e Minas
(Asinado dixitalmente na marxe)

Ángel Bernardo Tahoces



Xacobeo 2021

